

## FORMACIÓN CONTINUA

**POLO DE ESTUDOS DA PANIFICACIÓN E REPOSTERÍA** Esta iniciativa da Federación de Escolas Familiares Agrarias de Galicia nas comarcas do Condado de Paradanta e Baixo Miño está a cargo do Centro de Promoción Rural EFA A Cancela. É un espazo de integración dos profesionais do sector da panificación e repostería e dos medios ao servizo do mesmo, e ten como obxetivos prioritarios a incorporación a éste da xuventude.

O Polo integra as empresas do sector da panificación e repostería, entidades de carácter educativo, investigación, asesoramento técnico e científico así como diversas entidades relacionadas.

O Polo orienta o seu traballo de promoción nunha dobre vertente, por un lado a mellora e o avance das pemes sectoriais e por outra o apoio ao propio sector como tal. Nesta segunda vertente estanse abordando iniciativas piloto de renovación técnica, programas de animación sectorial e actuacións de información e difusión.

O traballo en favor das pemes representa para o Polo o seu principal ámbito de actividades.

### POLO DE COMPETENCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL

Potenciación no territorio de actuación da cultura emprendedora. Establecemento dun dispositivo de formación para o desenvolvemento para levar a cabo actividades de formación e atencións de acompañamento a proxectos.

Establecemento dun sistema de apoio ás pequenas empresas do territorio.

Establecemento dun sistema de implementación, formación e soporte en TIC as pequenas empresas do territorio.

**GEDAS (Grupos de Estudio e Desenvolvemento Agrario) Programa e Mellora dos Sistemas productivos Agrarios.** A actividade dos GEDAS no presente curso tivo un especial impulso coa súa integración nos Programas de Mellora dos Sistemas Productivos Agrarios da Consellería de Medio Rural, o que nos permitiu asignar un técnico a dita actividade acometer investimentos no laboratorio agrario, como elemento estratéxico para o desenvolvemento do programa de difusión das boas prácticas agrarias. Neste programa participan sesenta explotacións de leite das diferentes comarcas da costa da morte. **AINFOGRA.COM (Novas Tecnoloxías aplicadas o Eido Rural)** Ainfogra é un innovador proxecto dirixido a dotar o medio rural dunha axeitada infraestrutura tecnolóxica e de comunicacións ao servizo dos profesionais agrogandeiros en xeral e ós profesionais do sector agrario en particular sobre os beneficios das TIC como ferramenta de formación, información e xestión Subvencionado pola Consellería de Innovación e Industria, permitiu mellorar a dotación da Aula de Informática e pretende aplicar o software libre no medio rural e difundir e sensibilizar á poboación rural en xeral, e ós profesionais do sector agrario en particular, sobre os beneficios que lles poden reportar as TIC como ferramenta de formación, información e xestión.

### GRUPO "AMIGOS DAS ABELLAS"

Grupo de traballo de aplicación de cultura na que participan profesionais da comarca, alumnos do Centro de Promoción Rural - EFA Fonteboa, e aqueles interesados.

**RESAXEGAA Asociación EFA Fonteboa**, dende principios de 2009 está inscrita no Rexistro de entidades con servizos de aconsellamento ou xestión de Galicia, e a proposta de traballo para o presente ano é desenvolver un plan de xestión técnica e económica en cuestións agronómicas. Participan neste programa 25 explotacións de vacún de leite, algunhas delas xa estiveran anteriormente na AXE.